

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DEZASEIS DE OUTUBRO DE 2017.
EXpte. 5755/2017.**

CONVOCADOS /// ASISTENTES:

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA
D. JESUS ANTONIO FERNÁNDEZ CAL
D. JESUS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
D^a. LARA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA

SECRETARIO ACCIDENTAL:

D. JOSÉ VIVERO RUSSO

INTERVENTOR POR DELEGACIÓN:

D. SERGIO AGUADO DELICADO

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 13:30 do 16 de outubro de 2017, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a do Secretario Accidental, D. José Vivero Russo, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan verbalmente a súa asistencia os concelleiros D^a. María Isabel Rodríguez López e D. Emilio Villarnea Méndez.

Á hora sinalada para este acto, pola Sra. Alcaldesa declárase aberto o mesmo.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN LEVADA A CABO O DÍA 09-10-17.

Non existindo ningunha obxección ao respecto, procédese á aprobación da acta da sesión do día 9 de outubro de 2017.

2.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

EXPTE. 5750/2017.- AXUDA NO FOGAR.

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D. Ramón Lage Casal, con domicilio en Río dos Foles núm. 15, 1º C, en Viveiro.

Visto o informe da Traballadora Social no que se propón conceder a devandita axuda ó solicitante, de acordo cos seguintes datos:

Contidos prestacionais:	Atencións de carácter persoal e doméstico.
Capacidade económica da persoa usuaria:	> 150 % < 250% IPREM
Aportación económica:	20%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	80%
Duración do servizo:	12 horas semanais
Revisión do mesmo:	3 meses
Disponibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda:	Alta efectiva por vía de urxencia

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.-Conceder a D. Ramón Lage Casal o servizo de axuda no fogar solicitado, de acordo co previsto no informe da Traballadora Social.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais ós efectos oportunos e notificación ó interesado.

3.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

EXPTE. 4788/2017.- REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN

Dase conta dos antecedentes do expediente de contratación denominado "*Pavimentación e servizos na Rúa Lodeiro*". (Expte. CT 18/2017), para o requirimento da documentación previa á adxudicación do contrato, segundo o seguinte detalle:

1. Na Mesa de Contratación, en sesión de 9 de outubro de 2017, anunciáronse as empresas presentadas ao procedemento, que foron as seguintes: "*Carferlo S.L.*"; "*Excavaciones Isidoro S.L.*" e "*Cholo S.L.*". De seguido, procedeuse ó control da documentación administrativa contida nos sobres núms. 1 das tres proposicións presentadas, estimándose correcta polos membros da Mesa.

2. Na Mesa de Contratación, en sesión de 11 de outubro de 2017, procedeuse á apertura dos sobres núms. 2 das proposicións presentadas e admitidas, con control da documentación técnica presentada polas

tres empresas licitadoras; deuse conta das ofertas económicas presentadas, control de baixa desproporcionada e valoración das ofertas, resultando proposta para a adxudicación do contrato á empresa "Carferlo S.L." por un prazo de execución de obra de 3 meses e por un importe económico total de "169.400,00 €", IVE incluído, decidindo requirila para a presentación da documentación previa á adxudicación do contrato.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, con base na decisión adoptada pola Mesa de Contratación en sesión de 11 de outubro de 2017, acorda:

Primeiro.- Requirit á empresa "Construcciones Carferlo S.L.", con CIF núm. B-27227388, os documentos previos á adxudicación do contrato, contemplados na cláusula 20 do prego de cláusulas, regulador do expediente para a contratación da obra denominada "Pavimentación e servizos da rúa Lodeiro".

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación para efectuar o citado requirimento de documentación e dar continuidade ao expediente ata a súa conclusión.

4.- APROBACIÓN DE CONTAS XUSTIFICATIVAS

EXPTE. 2653/2017.- CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DA COMERCIALIZACIÓN DA ARTESANÍA GALEGA E IMPULSO DA COMPETITIVIDADE DO SECTOR ARTESÁN 2017 (FEIRA DE ARTESANÍA)

Vista a subvención concedida ó Concello de Viveiro, ó abeiro da Orde de 9 de marzo de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o fomento da comercialización da artesanía galega e impulso da competitividade do sector artesán, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017, para organización da XXXIV Feira de Artesanía de Viveiro 2017.

Visto o informe de 6 de outubro de 2017 para que se proceda á xustificación da devandita subvención, emitido pola Directora do Centro de Información ás Mulleres do Concello de Viveiro, que literalmente transcrito di:

"Que a subvención concedida para a realización da XXXIV Feira de Artesanía de Viveiro 2017 foi destinada ao cumprimento da finalidade para a que foi outorgada, cun custo total de 5.000 €.

Que os conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados polo Concello de Viveiro encadradas dentro da XXXIV Feira de Artesanía de Viveiro 2017 e, por tanto, imputables á actuación subvencionada son os seguintes:

- Identificación do/da acreedor/a: Asociación cultural PROA de Viveiro

CIF/NIF Acreedor/a: G27456086

Número de factura: 2/01

Importe: 4.000 € (Anticipo pago Convenio)

Data de emisión do documento: 22/08/2017

Data de recoñecemento da obrigaón: 31/07/2017

Data de pagamento: 09/08/2017

- Identificación do/da acreedor/a: Asociación cultural PROA de Viveiro

CIF/NIF Acreedor/a: G27456086

Número de factura: 3/01

Importe: 1.000 € (Pago resto Convenio)

Data de emisión do documento: 22/08/2017

Data de recoñecemento da obrigaón: 18/09/2017

Data de pagamento: 03/10/2017

Importe total do gasto a xustificar: 5.000 €

Subvención concedida: 1.500 €

Achega municipal: 3.500 €

Que non existen outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.”

Visto o certificado relativo ó asunto, emitido polo Interventor por delegación en data 6 de outubro de 2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro. Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida ó Concello de Viveiro, ó abeiro da Orde de 9 de marzo de 2017, para o fomento da comercialización da artesanía galega e impulso da competitividade do sector artesán 2017 (“*Organización da XXXIV Feira de Artesanía de Viveiro 2017*”).

Segundo. Dar traslado do presente acordó ó Centro municipal de Información ás mulleres, así como ós Departamentos de Tesourería e Intervención municipal.

EXPTE. 3393/2017.- CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN PARA O PROXECTO “O GALEGO: CULTURA INTERNACIONAL” DE “DESENVOLVEMENTO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DUNHA ENTIDADE LOCAL CARENTE DE SERVIZO LINGÜÍSTICO” DE PROMOCIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA 2017

Vista a subvención concedida ó Concello de Viveiro, ó abeiro da Orde de 6 de abril de 2017 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede a súa convocatoria (ED115A).

Visto o informe de 16 de outubro de 2017 para que se proceda á xustificación da devandita subvención, emitido pola Directora do Centro de Información ás Mulleres do Concello de Viveiro, que literalmente transcrito di:

“Que a subvención concedida para a realización do proxecto “O Galego: cultura internacional” de “Desenvolvemento de dinamización lingüística dunha entidade local carente de servizo lingüístico” foi destinada ao cumprimento da finalidade para o que foi outorgada, cun custo total de 1.640,76 €.

Que os conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados polo Concello de Viveiro encadradas dentro do proxecto “O Galego: cultura internacional” de “Desenvolvemento de dinamización lingüística dunha entidade local carente de servizo lingüístico” e, por tanto, imputables á actuación subvencionada son os seguintes:

- 1 *Identificación do/da acreedor/a: Fabián Ben Conde*
CIF/NIF Acreedor/a: 34.638.971-M
Número de factura: 40-2017
Importe: 1.545,84 € + 94,92 € (retención IRPF)= 1.640,76 €
Data de emisión do documento: 03/10/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 09/10/2017
Data de pagamento 13/10/2017

Importe total do gasto a xustificar: 1.640,76 €

Subvención concedida: 1.356 €

Non existindo outros ingresos ou subvencións.”

Visto o certificado relativo ó asunto, emitido polo Interventor por delegación en data 16 de outubro de 2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro. Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida ó Concello de Viveiro, ó abeiro da Orde de 6 de abril de 2017, para a realización do proxecto “O Galego: cultura internacional” de “Desenvolvemento de dinamización lingüística dunha entidade local carente de servizo lingüístico”.

Segundo. Dar traslado do presente acordó ó Centro municipal de Información ás mulleres, así como ós Departamentos de Tesourería e Intervención municipal.

EXPTE. 3806/2017.- CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN PARA O PROXECTO DE “APOIO EDUCATIVO A COLECTIVOS EN SITUACIÓN DE RISCO” DENTRO DO PROGRAMA DE SERVIZO DE VOLUNTARIADO XUVENIL

Vista a subvención concedida ó Concello de Viveiro, ó abeiro da Orde de 15 de maio de 2017, pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo de voluntariado xuvenil e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

Visto o informe de 6 de outubro de 2017 para que se proceda á xustificación da devandita subvención, emitido pola Directora do Centro de Información ás Mulleres do Concello de Viveiro, que literalmente transcrito di:

“Que a subvención concedida para a realización do Proxecto de “Apoyo educativo a colectivos en situación de risco” dentro do programa de Servizo de Voluntariado Xuvenil foi destinada ao cumprimento da finalidade para o que foi outorgada, cun custo total de 1.560 €.

Secretaría / Concello de Viveiro

Praza maior 19-20 / 27850 Viveiro / Lugo

Que os conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados polo Concello de Viveiro encadradas dentro do Proxecto de "Apoio educativo a colectivos en situación de risco" dentro do programa de Servizo de Voluntariado Xuvenil e, por tanto, imputables á actuación subvencionada son os seguintes:

1. Persoas voluntarias:

✓ Clara Fernández Barro:

- DNI.**35.591.095-K.**
- Días e horas: **60 días**, 6 horas/día fixo un total de **360 horas.**
- Duración da acción voluntaria, **9/01/2017 ata 14/06/2017**
- Correspóndelle **360 €**
- Identificación do documento: Acordo XGL de pago voluntarias
- Data emisión do documento: 22/09/2017
- Data de aprobación do gasto: 02/10/2017
- Data de pago: 05/10/2017

✓ Ana Álvarez Basanta:

- DNI.**35.590.301-D.**
- Días e horas: **26 días**, 6 horas/día fixo un total de **156 horas.**
- Duración da acción voluntaria, **11/01/2017 ata 15/03/2017.**
- Correspóndelle **156 €**
- Identificación do documento: Acordo XGL de pago voluntarias
- Data emisión do documento: 22/09/2017
- Data de aprobación do gasto: 02/10/2017
- Data de pago: 05/10/2017

✓ Nefer Toledano Dasilva:

- DNI.**35.590.293-R.**
- Días e horas: **29 días**, 6 horas/día fixo un total de **174 horas.**
- Duración da acción voluntaria, **11/01/2017 ata 14/06/2017.**
- Correspóndelle **174 €**
- Identificación do documento: Acordo XGL de pago voluntarias
- Data emisión do documento: 22/09/2017
- Data de aprobación do gasto: 02/10/2017
- Data de pago: 05/10/2017

✓ Montserrat Lamelas Cao:

- DNI.**35.591.464-E.**
- Días e horas: **41 días**, 6 horas/día fixo un total de **246 € horas.**
- Duración da acción voluntaria, **30/05/2017 ata 08/09/2017**
- Correspóndelle **246 €**
- Identificación do documento: Acordo XGL de pago voluntarias
- Data emisión do documento: 22/09/2017
- Data de aprobación do gasto: 02/10/2017
- Data de pago: 05/10/2017

1. Seguros:

▪ Identificación do/da acreedor/a: Fundación Pere Tarrés (Catalana Occidente S.A)

CIF/NIF Acreedor/a: R5800395E

Número de factura: Póliza accidentes 8-9684685-N e Póliza responsabilidade civil 8-9684678-E

Importe: 165 €

Data de emisión do documento: 13/02/2017

Data de recoñecemento da obrigaçión: 06/03/2017

Data de pagamento: 14/03/2017

1. Material papelería:

▪ Identificación do/da acreedor/a: José Manuel Pernas Quintana (Librería FP)

CIF/NIF Acreedor/a: 33.996.893-H

Número de factura: 17FV/459

Importe: 156,95 €

Data de emisión do documento: 31/08/2017

Data de recoñecemento da obrigaçión: 02/10/2017

Data de pagamento: 05/10/2017

1. Actividade Cine:

- *Identificación do/da acreedor/a: ALCINE Audiovisuales*

CIF/NIF Acreedor/a: B-37544145

Número de factura: 1 - 000040

Importe: 174,05 €

Data de emisión do documento: 25/08/2017

Data de recoñecemento da obrigaón: 02/10/2017

Data de pagamento: 05/10/2017

1. Actividade Ocio:

- *Identificación do/da acreedor/a: O FORNO DE LANDROVE S.L.U*

CIF/NIF Acreedor/a: B-27473545

Número de factura: 176

Importe: 128 €

Data de emisión do documento: 31/08/2017

Data de recoñecemento da obrigaón: 02/10/2017

Data de pagamento: 05/10/2017

Importe total do gasto a xustificar: 1.560 €

Subvención concedida: 1.560 €

Non existindo outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.”

Visto o certificado relativo ó asunto, emitido polo Interventor por delegación en data 6 de outubro de 2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro. Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida ó Concello de Viveiro, ó abeiro da Orde de 15 de maio de 2017, para a realización do proxecto “*Apoio educativo a colectivos en situación de risco*”, dentro do programa de Servizo de voluntariado xuvenil.

Segundo. Dar traslado do presente acordó ó Centro municipal de Información ás mulleres, así como ós Departamentos de Tesourería e Intervención municipal.

EXPTE. 4706/2017. CONTA XUSTIFICATIVA PARA DIVERSOS GASTOS DAS FESTAS PATRONAIS DE VIVEIRO 2017.

Vista a conta xustificativa de fondos librados a xustificar por valor de 34.716,00 € (referencia contable 220170014377), a favor do Concelleiro de Facenda, de D. Jesús Fernández Fernández, para facer fronte a diversos gastos das festas patronais de Viveiro 2017.

Visto o informe do Interventor por delegación, de 9 de outubro de 2017, no que se sinala que a documentación presentada xustifica o gasto realizado de 32.171,00 euros; que os gastos efectuados se corresponden coa finalidade para o que se concedeu o mandamento de pagamento a xustificar; que consta xustificante do reintegro (Talón de cargo de data 05.10.17) das cantidades non invertidas por importe de 2.545,00 €, de conformidade co establecido no artigo 70.2 do R.D. 500/1900; que a xustificación das cantidades percibidas se producen dentro do prazo máximo de tres meses desde a percepción dos correspondentes fondos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa referente a diversos gastos das festas patronais de Viveiro 2017, en relación cos fondos librados a xustificar por valor de 32.171,00 € (referencia contable 220170014377), a favor do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, para facer fronte a diversos gastos das festas patronais de Viveiro 2017.

Segundo.- Dar conta deste acordó ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

5.- RECOÑECIMIENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.

EXPTE. 5792/2017.-

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas referente ó expediente 5792/2017.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda:

Primeiro. Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do Concelleiro de Facenda referente ó expediente 5792/2017.

Segundo. Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación aos Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

EXPTE. 4830/2017.-

Vista a relación de obrigas correspondentes ó expediente 4830/2017.

Visto o informe de reparo, de 23 de agosto de 2017, emitido pola Intervención municipal, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas pola empresa "Arriva Noroeste S.L.", por un importe total de **1.815,59 €**, que constan no expediente **4830/2017**. No devandito informe sinalase que existe consignación no vixente orzamento xeral, na aplicación que se indica na relación das facturas que constan no devandito informe, por un importe total de **1.815,59 €**.

Resultando que mediante Resolución de Alcaldía de 5 de outubro de 2017 proceduse ó levantamento de reparo formulado pola Intervención municipal,

con base no seguinte:

*"1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de **1.815,59 €**.*

2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso."

O reparo suspensivo se motiva na desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ter unha duración superior a un ano sendo gastos periódicos e repetitivos e non consta contrato anterior para o mesmo obxecto e co mesmo acredor.

A vista das necesidades de planificación contractual e tramitación de procedementos de contratación, segundo as advertencias da Intervención, aos efectos de non saturar o servizo de contratación municipal ante a falta de medios persoais existentes no concello e mentres se realiza esta planificación e se tramitan os procedementos, é necesario manter os servizos municipais que dan lugar á presentación de facturas obxecto de reparo.

Esta Alcaldía pretende impulsar os procedementos de contratación ao ritmo asumible polo persoal do Concello, co fin de evitar o reparo e cumprir cos principios de publicidade e concorrencia.

A factura obxecto do reparo corresponde á empresa Arriva Noroeste SL, polo servizo de bonos para o transporte aos alumnos de titulacións universitarias ou ciclos formativos que non se imparten en Viveiro, que se considera esencial para a educación e a mocidade do noso municipio.

Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:

I. Que o artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.

II. Tendo en conta que xa se está a planificar a contratación e tramitación do expediente de contratación para o servizo.

III. Tendo en conta que este servizo resulta esencial para a educación e a mocidade do noso municipio, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se tramite o oportuno expediente de contratación, é preciso continuar coa súa prestación.

IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto, este se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acredor.

Esta Alcaldía dita a seguinte RESOLUCIÓN:

1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV."

Resultando que pola Alcaldía, mediante Resolución de 3 de xullo de 2015, acordouse delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención, foi levantado pola Alcaldía.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro. Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 4830/2017.

Segundo. Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

EXPTE. 4833/2017.-

Vista a relación de obrigas correspondentes ó expediente 4833/2017.

Visto o informe de reparo, de 23 de agosto de 2017, emitido pola Intervención municipal, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas pola empresa "Electrotel S. Coop. Galega", por un importe total de **1.498,46 €**, que constan no expediente **4833/2017**. No devandito informe sinálase que existe consignación no vixente orzamento xeral, na aplicación que se indica na relación das facturas que constan no devandito informe, por un importe total de **1.498,46 €**.

Resultando que mediante Resolución de Alcaldía de 5 de outubro de 2017 proceduse ó levantamento de reparo formulado pola Intervención municipal, con base no seguinte:

*"1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de **1.498,46 €**.*

2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso."

O reparo suspensivo se motiva na desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ter unha duración superior a un ano sendo gastos periódicos e repetitivos e non consta contrato anterior para o mesmo obxecto e co mesmo acredor.

A vista das necesidades de planificación contractual e tramitación de procedementos de contratación, segundo as advertencias da Intervención, aos efectos de non saturar o servizo de contratación municipal ante a falta de medios persoais existentes no concello e mentres se realiza esta planificación e se tramitan os procedementos, é necesario manter os servizos municipais que dan lugar á presentación de facturas obxecto de reparo.

Esta Alcaldía pretende impulsar os procedementos de contratación ao ritmo asumible polo persoal do Concello, co fin de evitar o reparo e cumprir cos principios de publicidade e concorrência.

A factura obxecto do reparo corresponde á empresa Electrotel S. Coop. Galega, polo mantemento dos reemisores de Faro, Cova e Escourido no período comprendido entre o 01/07/2017 e o 30/09/2017, sendo necesario continuar realizando este mantemento para o seu funcionamento.

Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:

I. Que o artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.

II. Tendo en conta que xa se está a planificar a contratación e tramitación do expediente de contratación para o servizo.

III. Tendo en conta que este servizo resulta indispensable para o funcionamento do mantemento dos reemisores do concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se tramite o oportuno expediente de contratación, é preciso continuar coa súa prestación.

IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto este se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acredor.

Esta Alcaldía dita a seguinte RESOLUCIÓN:

1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV."

Resultando que pola Alcaldía, mediante Resolución de 3 de xullo de 2015, acordouse delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención, foi levantado pola Alcaldía,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro. Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 4833/2017.

Segundo. Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

EXPTE. 4836/2017.-

Vista a relación de obrigas correspondentes ó expediente 4836/2017.

Visto o informe de reparo, de 23 de agosto de 2017, emitido pola Intervención municipal, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas pola empresa "General España S.A. de seguros y reaseguros", por un importe total de **13.313,87 €**, que constan no expediente **4836/2017**. No devandito informe sinalase que existe consignación no vixente orzamento xeral, na aplicación que se indica na relación das facturas que constan no devandito informe, por un importe total de **13.313,87 €**.

Resultando que mediante Resolución de Alcaldía de 5 de outubro de 2017 proceduse ó levantamento de reparo formulado pola Intervención municipal, con base no seguinte:

*"1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de **13.313,87 €**.*

2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso."

O reparo suspensivo se motiva na desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior a un ano, e non consta contrato anterior para o mesmo obxecto e co mesmo acredor.

*Tendo en conta que a factura reparada se corresponde á empresa **Generali España SA de Seguros y Reaseguro**, referida á póliza correspondente ao seguro de danos do patrimonio do Concello de Viveiro.*

Tendo en conta que neste concello as pólizas de seguros se atopan contratadas con diversas compañías, non contándose neste momento cun expediente de contratación ao respecto, que se entende debería realizarse para todos os seguros municipais co obxectivo de garantir os principios de publicidade e concorrencia.

Tendo en conta que este servizo resulta imprescindible por ser necesario ter asegurados os bens patrimoniais do Concello de Viveiro.

Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:

I. Que o artigo 217 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.

II. Tendo en conta a necesidade de realización dun expediente de contratación para a totalidade de seguros existentes.

III. Tendo en conta que o seguro dos bens patrimoniais de titularidade municipal constitúen un servizo indispensable e obrigatorio para o concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se leve a cabo o oportuno expediente de contratación, é preciso manter os contratos vixentes.

IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto este se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acredor.

Esta Alcaldía dita a seguinte RESOLUCIÓN:

1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV.”

Resultando que pola Alcaldía, mediante Resolución de 3 de xullo de 2015, acordouse delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención, foi levantado pola Alcaldía,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro. Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 4836/2017.

Segundo. Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

EXPTE. 4837/2017.-

Vista a relación de obrigas correspondentes ó expediente 4837/2017.

Visto o informe de reparo, de 23 de agosto de 2017, emitido pola Intervención municipal, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas pola empresa “*Mapfre España, Compañía de seguros y reaseguros S.A.*”, por un importe total de **18.371,51 €**, que constan no expediente **4837/2017**. No devandito informe sinalase que existe consignación no vixente orzamento xeral, na aplicación que se indica na relación das facturas que constan no devandito informe, por un importe total de **18.371,51 €**.

Resultando que mediante Resolución de Alcaldía de 5 de outubro de 2017 proceduse ó levantamento de reparo formulado pola Intervención municipal, con base no seguinte:

“1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación

de facturas anteriores, polo importe total de **18.371,51 €**.

2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso."

Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior a un ano, e non consta contrato anterior para o mesmo obxecto e co mesmo acredor.

Tendo en conta que a factura reparada se corresponde á empresa **Mapfre España, Compañía de Seguros y Reaseguros SA**, referida á póliza de responsabilidade civil do Concello de Viveiro.

Tendo en conta que neste concello as pólizas de seguros se atopan contratadas con diversas compañías, non contándose neste momento cun expediente de contratación ao respecto, que se entende debería realizarse para todos os seguros municipais co obxectivo de garantir os principios de publicidade e concorrencia.

Tendo en conta que este servizo resulta imprescindible por ser obrigatorio legalmente que o Concello de Viveiro conte cunha póliza de responsabilidade civil.

Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:

I. Que o artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.

II. Tendo en conta a necesidade de realización dun expediente de contratación para a totalidade de seguros existentes.

III. Tendo en conta que o seguro de responsabilidade civil constitúe un servizo indispensable e obrigatorio para o concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se leve a cabo o oportuno expediente de contratación, é preciso manter os contratos vixentes.

IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto este se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acredor.

Esta Alcaldía dita a seguinte RESOLUCIÓN:

1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV."

Resultando que pola Alcaldía, mediante Resolución de 3 de xullo de 2015, acordouse delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención, foi levantado pola Alcaldía,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro. Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente **4837/2017**.

Segundo. Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

EXPTE. 4846/2017.-

Vista a relación de obrigas correspondentes ó expediente 4846/2017.

Visto o informe de reparo, de 24 de agosto de 2017, emitido pola Intervención municipal, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas pola empresa “*Segurcaixa Adeslas S.A. de seguros y reaseguros*”, por un importe total de **2.639,00 €**, que constan no expediente **4846/2017**. No devandito informe sinaláse que existe consignación no vixente orzamento xeral, na aplicación que se indica na relación das facturas que constan no devandito informe, por un importe total de **2.639,00 €**.

Resultando que mediante Resolución de Alcaldía de 9 de outubro de 2017 proceduse ó levantamento de reparo formulado pola Intervención municipal, con base no seguinte:

*“1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de **2.639,00 €**.*

2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.”

O reparo suspensivo se motiva na desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior a un ano, e non consta contrato anterior para o mesmo obxecto e co mesmo acredor.

*Tendo en conta que a factura reparada se corresponde á empresa **Segurcaixa Adeslas SA de Seguros y Reaseguros**, pola liquidación das primas de asistencia sanitaria dos funcionarios municipais correspondente ao mes de xullo de 2017.*

Tendo en conta que neste concello as pólizas de seguros se atopan contratadas con diversas compañías, non contándose neste momento cun expediente de contratación ao respecto, que se entende debería realizarse para todos os seguros municipais co obxectivo de garantir os principios de publicidade e concorrència.

Tendo en conta que resulta imprescindible manter a asistencia sanitaria aos funcionarios municipais.

Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:

I. Que o artigo 217 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.

II. Tendo en conta a necesidade de realización dun expediente de contratación para a totalidade de seguros existentes.

III. Tendo en conta que o seguro dos bens patrimoniais de titularidade municipal constitúen un servizo indispensable e obrigatorio para o concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se leve a cabo o oportuno expediente de contratación, é preciso manter os contratos vixentes.

IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto este se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acredor.

Esta Alcaldía dita a seguinte RESOLUCIÓN:

1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV.”

Resultando que pola Alcaldía, mediante Resolución de 3 de xullo de 2015, acordouse delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención, foi

levantado pola Alcaldía,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro. Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 4846/2017.

Segundo. Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

EXPTE. 5249/2017.-

Vista a relación de obrigas correspondentes ó expediente 5249/2017.

Visto o informe de reparo, de 18 de setembro de 2017, emitido pola Intervención municipal, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas pola empresa “*Espublico servicios para la Administración S.A.*”, por un importe total de **8.525,09 €**, que constan no expediente **5249/2017**. No devandito informe sinaláse que existe consignación no vixente orzamento xeral, na aplicación que se indica na relación das facturas que constan no devandito informe, por un importe total de **8.525,09 €**.

Resultando que mediante Resolución de Alcaldía de 5 de outubro de 2017 proceduse ó levantamento de reparo formulado pola Intervención municipal, con base no seguinte:

*“1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de **8.525,09 €**.*

